



PLAN DIGITAL

IES. Ricardo Mella

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro		IES Ricardo Mella	
Enderezo		Estrada vella de Madrid, nº 177. 36214 Vigo	
Correo electrónico		ies.ricardo.mella@edu.xunta.es	
Páxina web		http://www.edu.xunta.gal/centros/iesricardomella/	
Etapas educativas	ESO	Nº alumnado	89
		Nº profesorado	30
	BACH	Nº alumnado	88
		Nº profesorado	27
	FP	Nº alumnado	1420
		Nº profesorado	87

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES RICARDO MELLA está localizado en Vigo, na Estrada Vella de Madrid, cerca do Hospital do Meixoeiro e de fácil acceso a través de autovía A55 ou dalgunha das liñas urbanas que o conectan co centro da cidade.

Próximo ao emprazamento, atopamos dous centros docentes: o CIFP Manuel Antonio e o Valentín Paz Andrade (este, enfronte nosa), un parque comercial, unha residencia de maiores, e o Centro Residencial Docente.

Iniciou a súa andaina no ano 1979, como "Centro Nacional de Formación Profesional Meixoeiro", e co paso dos anos a súa situación académica foi cambiando, incorporándose as ensinanzas de ESO e Bacharelato así como a renovación e implantación doutras ofertas formativas profesionais.

O alumnado da ESO procede maioritariamente dos centros adscritos: CEIP Valle Inclán, CEIP Mosteiro-Bembrive, CEIP O Sello e CEIP Fonte Escura. Para estes niveis educativos, soamente hai demanda para un grupo por curso de ESO. Este déficit de alumnado ven derivado de varios factores: centro afastado das zonas máis poboadas de Vigo, existencia de numerosos centros de ensino concertado, centro adscritos con poucos alumnos e que nalgúns casos, van a outros IES máis próximos aos seus domicilios. A distancia do IES ao núcleo urbano do concello, así como a procedencia do alumnado, fai que este utilice o

transporte escolar para o acceso o centro, dispoñendo de 5 rutas: ocupando as prazas principalmente alumnado autorizado (ESO e FP Básica, ata os 16 anos). Para o resto dos usuarios (fundamentalmente de bacharelato e ciclos formativo de grao medio) veríase as peticións ata completar o tope máximo de prazas.

O alumnado da ensinanza obrigatoria e FP Básica presenta, nun número significativo, necesidades básicas de aprendizaxe referidas ás técnicas instrumentais, así como aos contidos mínimos das distintas áreas e unha clara falta de competencia referida a hábitos de traballo e técnicas de estudo apropiados para realizar as actividades escolares coa máxima eficacia e facilidade. Detectamos a existencia de problemas persoais, familiares e/ou sociais en parte do alumnado, que dificultan unha normal evolución académica. Estas circunstancias son causantes de que en distintos grupos existan problemas na convivencia escolar, desmotivación para a aprendizaxe, absentismo, pouca colaboración das familias e, consecuentemente, atraso escolar.

Ao Instituto asisten un elevado número de alumnos de incorporación tardía ao noso sistema educativo, procedente, na súa maioría, de países hispanoamericanos. Tamén están matriculados na ESO e na Formación Profesional Básica numerosos alumnos de etnia xitana. Este alumnado require unha atención específica para atender ás súas necesidades educativas e sociais.

O alumnado de Bacharelato é maioritariamente alumnado que cursou a ESO no centro e tamén procedentes doutros centros, maioritariamente privados concertados.

O alumnado de ciclos formativos de grao Medio, Superior e Formación Profesional Básica, procede dun ámbito xeográfico moi amplo, xa que dentro da nosa oferta educativa temos ensinanzas que non é posible cursar noutros centros da cidade (por exemplo Emerxencias Sanitarias). A maioría do alumnado é de Vigo, aínda que una boa parte ven de concellos próximos como Mos, Porriño, Ponteareas, Tui, etc. Resaltar tamén que temos alumnado do Centro Residencial Docente.

O centro recibe, desde o curso 2007-2008, alumnado con problemas de mobilidade, polo que dispón das adaptacións necesarias para dar resposta a esta necesidade: eliminación de barreiras arquitectónicas, ascensores nos edificios A e B, aseos adaptados, ademais de persoal específico para a súa atención.

Actualmente, a oferta educativa do Instituto é moi ampla. Aparte da ESO e Bacharelato (modalidades "Ciencias e Tecnoloxía", "Humanidades e Ciencias Sociais"), hai Ciclos Formativos de Grado Medio e Superior das Familias Administrativa, Electrónica e Sanitaria no réxime ordinario, modular (presencial e distancia), e dual así como Formación Profesional Básica das Familias Administrativa e Electrónica .

Esta diversidade de estudos fai que tanto o alumnado e como o profesorado (máis de cen) sexa moi heteroxéneo, procedendo fundamentalmente das especialidades relacionadas cos ciclos formativos, e cunha situación administrativa na que o profesorado con destino definitivo non é maioritario. Igualmente provoca, que a consecución de obxectivos comúns sexa mais complexa, influíndo ademais, o amplo horario lectivo do centro.

No centro lévanse a cabo os seguintes plans e proxectos:

- *Plan lingüístico, para contribuír ao fomento do galego.*
- *Plan de convivencia.*
- *Plan de igualdade.*
- *Proxecto Abalar.*
- *Proxectos Europeos. Erasmus +.*
- *Contratos Programa.*
- *Plans Proxecta +.*
- *Clubs de lectura.*

O Plan Dixital vén a apoiar e reforzar o Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), que dispón das seguintes liñas:

- *Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes (nivel inicial, manexo básico de aula virtual e videoconferencia).*
- *Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino misto (nivel avanzado para profundar nestas cuestións).*
- *Integración de aplicacións de uso educativo na aula virtual.*
- *Infraestrutura para almacenamento e virtualización.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

No noso centro impártense as etapas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos de formación profesional de grao básico, medio e superior segundo ditamina o artigo 111 bis, o artigo 121 e o artigo 132 da LO 2 do 2006 do 3 de maio.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do PD, configurouse un grupo de traballo formado por 5 docentes, dos cales un participou como coordinador.

A partir dos horarios de cada un/ha dos/as docentes buscouse unha franxa horaria na que puidesen reunirse todos/as. Nesa franxa horaria realizáronse todas as reunións para ir avanzando nas distintas etapas do Plan Dixital:

- Configuración, realización e lanzamento do test SELFIE.
- Lanzamento e realización do test CDD.
- Realización do DAFO a partir dos resultados dos test realizados.
- Elaboración do Plan de Acción a partir do DAFO.
- Redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A partir do DRD, extráense os seguintes datos:

- Ordenadores totais: 637
- Equipamento Abalar/EDIXGAL: 48
- Ordenadores con antigüidade maior a 5 anos: 413
- Ordenadores con acceso a internet: 513
- Encerados interactivos Abalar/EDIXGAL: 2
- Proxectores Abalar/EDIXGAL: 2
- Nº de puntos de acceso wifi Abalar/EDIXGAL: 2
- Nº de armarios de carga de portátiles Abalar/EDIXGAL: 2
-

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A - Liderado	Equipo Direct.	3,2	3,3	3
	Profesorado	2,8	2,1	3,2
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9	2,9	2,8
	Profesorado	2,5	1,8	2,9
	Alumnado	3,4	2,1	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9	4	3,8
	Profesorado	2,9	2,8	3,8
	Alumnado	3,2	2,7	3,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,6	3,6	3,9
	Profesorado	2,8	3	3,5
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7	3,8	3,6
	Profesorado	3,3	4,1	4,4
	Alumnado	4,1	3,8	4,1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4	3,2	3,3
	Profesorado	2,8	3	3,6
	Alumnado	3,5	2,6	3,5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3	3,2	3,1
	Profesorado	2,8	2,6	3,2
	Alumnado	3,1	2,5	3,2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1	3,5	3,5
	Profesorado	2,5	2,7	3,4
	Alumnado	3,2	2,6	3,3

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	63	38,10%
PROVISIONAL	10	22	45,50%
INTERINO	5	24	20,80%
SUBSTITUTO	8	10	80,00%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	75,2	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BAC	91	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)
F.P.	82,4	Integrador/a (B1)	80,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	11	23,40%
B1	23	48,90%
B2	10	21,30%
C1	3	6,40%
C2		
TOTAL	47	100,00%

2.3. Análise DAFO

FORTALEZAS	DEBILIDADES
A5. Respéctanse os dereitos de autor e as licenzas de uso ao usar tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.	A1. Non se conta cunha estratexia dixital.
C1. A infraestrutura dixital do centro respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	A2. Non se involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital de centro.
C2. Hai dispositivos dixitais.	A3. Non se conta con apoio para probar novas formas.
C3. Facilítase o acceso a internet.	A4. Non se dispón de tempo para explorar.
C4. Dispónse de asistencia técnica.	B1. Non se avalía o progreso en materia de ensinanza/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
D2. Existe acceso a posibilidades de DPC no relativo ao ensino/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	B2. non se debate sobre vantaxes de desvantaxes.

E1. Búscanse recursos educativos en internet.	C12. Non existe un plan para axudar ao profesorado coa aprendizaxe mixta.
E3. Empréganse contornas virtuais co alumnado.	C16. Non existen repositorios ou bibliotecas en liña.
E4. Úsanse tecnoloxías dixitais para a comunicación.	C17. O alumnado non ten acceso a unha base de datos de provedores de formación en centros de traballo (ou non se coñece).
E5. Úsanse recursos educativos abertos.	F3. non se fomenta a creatividade do alumnado.
F4. Realízanse actividades que motivan ao alumnado.	F6. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios.
H1. O alumnado aprende a actuar de maneira segura en internet.	G5. Non se facilita que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.
H3. O alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet.	G6. Non se dan facilidades para que o alumnado poida realizar observacións sobre os seus compañeiros.
DPC6. Outra forma interna.	G7. O ED non axuda a usar as tecnoloxías con fins de avaliación.
UTIC4. Tecnoloxía no fogar para o ocio.	H7. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais.
UTIC5. Ausencia de tecnoloxía fóra do centro.	H10. O ED non se asegura de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais.
AFC1. O alumnado ten acceso a dispositivos fóra do centro.	H11. O alumnado non aprende a programar.
	H13. O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos.
	DPC4. Non existe desenvolvemento profesional a través de redes profesionais.
	DPC5. Non existe asesoramento interno.
	DPC7. Non existen visitas de estudo.
	DPC6. Non existen programas acreditados (ou non se coñecen).
	UTIC1. Tecnoloxía no centro
	UTIC3. Tecnoloxía fóra do centro con fins de aprendizaxe.

OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	A6. Non hai empresas que colaboren no desenvolvemento da estratexia dixital.
	B3. Non se colabora con outras organizacións.
	B4. Non se colabora con outros centros para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.

3. Plan de Acción

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS						
1. OBXECTIVO (1):	(C12) Actualizar e ampliar os coñecementos de creación de actividades e recursos na aula virtual.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realización de actividades e recursos na aula virtual.					
Valor de partida (3)	Curso en aula virtual sen actividades e recursos.					
Valor previsto e data (4)	Curso en aula virtual con 10 actividades e recursos creados.			Ao remate do curso 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Crear un grupo de traballo para ampliar coñecementos moodle.	Xefe/a de estudos	1º trimestre	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Recoller as necesidades sobre os coñecementos de creación na aula virtual.	Grupo de traballo	2º trimestre	Actas de reunións Documento de recolla de necesidades		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Investigar e/ou recibir	Grupo de traballo	2º trimestre	Curso en aula virtual Docente (se é necesario)		Realizada	
					Aprazada	

formación sobre a creación de actividades e recursos na aula virtual.					Pendente	
A01.4: Crear actividades e recursos aplicando os novos coñecementos da aula virtual.	Grupo de traballo	3º trimestre	Curso en aula virtual con actividades e recursos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA.							
2. OBXECTIVO (1):		(F6) Crear proxectos interdisciplinarios que motiven ao alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:		Xefatura de estudos.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de proxectos interdisciplinarios creados.					
Valor de partida (3)		0 proxectos interdisciplinarios.					
Valor previsto e data (4)		2 proxectos interdisciplinarios creados.			Ao remate do curso 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
A02.1: Crear un grupo de traballo interdisciplinar (varios departamentos) para a	Xefe/a de estudos	1º trimestre	Convocatoria			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

creación de						
A02.2: Determinar tarefas conxuntas / interdisciplinarias.	Grupo de traballo	2º trimestre	Actas de reunións. Tarefas interdisciplinarias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Crear proxectos interdisciplinarios.	Grupo de traballo	3º trimestre	Proxectos interdisciplinarios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO.							
3. OBXECTIVO (1):		(H13) Aprender ao profesorado e ao alumnado a resolver problemas técnicos básicos relacionados co equipamento informático (hardware e software).				Acadado	
RESPONSABLE:		Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Resolución de problemas técnicos básicos.					
Valor de partida (3)		0 problemas resoltos.					
Valor previsto e data (4)		20 solucións a problemas técnicos básicos.			Ao remate do curso 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A03.1: Crear un grupo de traballo interdisciplinar.	Xefe/a de estudos	1º trimestre	Convocatoria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Determinar problemas técnicos básicos.	Grupo de traballo	1º trimestre	Actas de reunións. Curso en aula virtual.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Realizar un listado de problemas técnicos básicos e a súa solución.	Grupo de traballo	2 e 3º trimestre	Curso en aula virtual onde se recollen problemas técnicos básicos e a forma de solucionalos.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;

d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;

e. **Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora, indicados no Plan de Acción.

5. Difusión do plan

Este documento estará aloxado na aula virtual do centro, xunto con todo o proceso de realización: resultados dos test SELFIE e test CDD, Plan de Acción e Plan Dixital.